



**DECLARACION DE COMPROMISO, DE CESIÓN, TRATAMENTO DE DATOS E AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES EN RELACIÓN
COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PRTR
IN421R - PROGRAMA ESTATAL DE INCENTIVOS Á MOBILIDADE ELÉCTRICA (Programa MOVES III)**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA NACEMENTO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

a) O compromiso cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, comunicando, se é o caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

b) Así mesmo, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular, os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia:

1. A letra d) do punto 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas dos datos seguintes:

- i. O nome da persoa perceptora final dos fondos;
- ii. O nome da persoa contratista e da subcontratista, cando a persoa perceptora final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento das persoas titulares reais da perceptora dos fondos ou da contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Punto 3: «Os datos persoais mencionados no punto 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, punto 2, e 23, punto 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

c) Que na actuación obxecto da axuda solicitada a persoa beneficiaria non está incurso en ningún conflito de intereses potencial que poida ir en contra dos intereses financeiros da UE.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE				
Lugar e data	,	de	de	

